



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2021/G003/001137

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Escolas de Verán 2021)

Proposta efectuada pola Concelleira de Participación Cidadá con data 12 de maio de 2021, pola que solicita aprobación das Bases de participación nas Escolas de Verán 2021 da OMIX

### RESOLVO:

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

### BASES DE PARTICIPACIÓN NAS ESCOLAS DE VERÁN 2021

A Concellaría de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación, Mocidade e Novas Tecnoloxías do Concello de Sada, leva a cabo a promoción e organización de actividades socioeducativas destinadas á infancia e á mocidade no eido do lecer e o tempo libre. É consciente esta concellaría da importancia que ten facilitar canles polas que os nenos/as poidan participar neste tipo de actividades, e polo que este ano, igual que en anos anteriores, convócase a oferta das Escolas de Verán 2021.

O Concello de Sada pretende desta forma atender á demanda individual de ocio educativo, así como ás necesidades de conciliación das familias sadenses.

### Artigo 1º.-Obxecto.

Co obxectivo de facilitar a participación en actividades de lecer e tempo libre, o Concello de Sada, oferta 140 prazas para as Escolas de Verán 2021.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

As diferentes actividades que integran esta oferta, levaranse a cabo nun centro de ensino ou equipamento municipal atendendo aos diferentes grupos de idade durante o período que transcorre dende o 5 ao 30 de xullo (agás sábados e domingos).

A información sobre a convocatoria desta campaña de verán 2021 atoparase na páxina [www.sada.gal](http://www.sada.gal)

Ademais, os/as interesados/as poderán solicitar información na OMIX en horario de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 horas de luns a venres (a partires do 15 xuño só de mañá), no telefono 981620331 ou no correo: [omixsada@gmail.com](mailto:omixsada@gmail.com)

Artigo 2º.-Escolas de Verán: Grupos de idade, lugar de realización, prazas e quendas

Grupos de Idade:

- Nenos/as que estén cursando 2º ciclo Educación Infantil (4º, 5º, 6º E.I.)
- Nenos/as que estén cursando Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º, E.P.)

Lugar de realización:

Centro de ensino ou equipamento municipal.

Quendas

- 1ª Quenda: 5 xullo - 16 xullo.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- 2ª Quenda: 19 - 30 xullo.

Prazas

140 distribuídas en 70 prazas por cada quenda.

Artigo 3º.-Servizos ofertados

As actividades desenvolveranse de luns a venres en horario de 09:00 a 14:00 h.

Na oferta das Escolas de Verán 2021, os/as participantes disporán de:

- a) Un programa de actividades de carácter educativo, lúdico e convivencial, que posibilite a participación. A temática das Escolas será multiactividade, adaptada aos diferentes grupos de idade, desenvolvendo así diferentes xornadas de carácter pre-deportivo, musical, artístico, incluíndo ximkanas, contacontos, obradoiros, etc.
- b) O material necesario para a realización das actividades.
- c) Un equipo técnico de persoal especializado en educación, animación deportiva e actividades de lecer e tempo libre.
- d) Seguro de responsabilidade civil e de accidentes para os participantes e atención sanitaria de primeiros auxilios.
- e) Servizo de Madrugadores en horario de 08:30 a 09:00 h. Debe existir un mínimo de 10 solicitudes por quenda. Os participantes deben traer o almorzo da casa.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

**IMPORTANTE:** Non se oferta o servizo de transporte

Artigo 4º.-Prazo para formalizar a inscrición.

O prazo para formalizar a inscrición será do 25 ao 1 de xuño (inclusive). Calquera inscrición realizada fóra deste prazo non será admitida.

Artigo 5º.- Presentación das solicitudes.

&#9679;Individual: Cada participante poderá presentar unha única solicitude elixindo por orde de preferencia as quendas das que desexa desfrutar.

&#9679; Múltiple: Os irmáns/ás que desexen asistir á/ás mesma/s quenda/as, solicitarán praza múltiple na mesma solicitude.

A presentación da solicitude deberá realizarse obrigatoriamente no formulario on-line habilitado na web municipal: [www.sada.gal](http://www.sada.gal). No mesmo formulario poderanse engadir os documentos que acrediten descontos ou calquera outro que requira a inscrición en formato arquivo ou en todo caso se non fose posible, envialos escaneados a [omixsada@gmail.com](mailto:omixsada@gmail.com).

Artigo 6º.-Adxudicación de prazas.

Será requisito imprescindible para obter praza nas Escolas de Verán que os menores estén empadroados no Concello de Sada con anterioridade ao 1 de maio de 2021. A comprobación deste dato farase de oficio a través do padrón municipal, polo que non será necesario aportar ningún documento acreditativo.

A adxudicación das prazas realizarase atendendo os seguintes criterios e terán preferencia por riguroso orde:

1º.- Os/as participantes derivados de servizos sociais de atención primaria, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais. O número por quenda será establecido segundo as necesidades do servizo sen superar o 10% das prazas ofertadas en cada quenda. Estas prazas poderan ter ou non exención de pago segundo o informe técnico.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

2º.- Os menores cuxos proxenitores xustificuen a necesidade de conciliación en horario de mañá e imposibilidade de teletraballo. Os proxenitores deben ser traballadores en activo (por conta propia ou allea) e polo tanto estar dados de alta en calquera réxime da Seguridade Social. Neste caso, será indispensable acreditar un informe de empresa onde conste o horario da xornada laboral. No caso de persoas autónomas, deberán achegar unha declaración xurada desta necesidade. Non será válido que só un dos proxenitores esté traballando, exceptuando as familias monoparentais que deberan acreditar esta condición documentalmente (carné de familia monoparental da Xunta), etc&#8230;

3º.- Resto de solicitudes que non se atopen nos apartados anteriores para os que se realizará un sorteo ata completar as 70 prazas por quenda. Poderase establecer unha listaxe de agarda.

4º.- Adxudicación directa no caso de non superar a oferta de prazas (70) para cada quenda.

**IMPORTANTE:** No suposto de que un menor realice a solicitude para dúas quendas e teña que optar polo sorteo para obter unha praza, terase en consideración a adxudicación desa praza si outro menor tamén obtivo as dúas quendas no sorteo. Neste caso, este concellería considera que fará un reparto equitativo para que os dous menores poidan, alomenos, desfrutar dalguna das quendas se hai prazas dispoñibles.

Artigo 7º.- Publicación da listaxe de admitidos/as

Ao longo do venres 4 de xuño publicarase a listaxe de admitidos/as con praza e a listaxe de agrada se fose o caso. Poderase consultar na web [www.sada.gal](http://www.sada.gal) e no taboleiro de anuncios da OMIX.

Se o solicitante con praza desexa renunciar a ela, deberá comunicalo por escrito enviando un correo electrónico a [omixsada@gmail.com](mailto:omixsada@gmail.com).

Artigo 8º.- Pagamento das cotas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Os prezos de aplicación para os/as participantes nas Escolas de Verán 2021 serán os que se establezan no informe de prezo público previa aprobación dos Servizos Económicos Municipais. Poderán consultarse os prezos e descontos correspondentes na web municipal.

O pagamento deberá realizarse na conta bancaria: BBVA ES08-0182-5550-2200-0000-0142

Será obrigatorio presentar o xustificante de pagamento na OMIX e os documentos que acrediten os descontos, se é o caso, ben sexa presencialmente ou por correo electrónico en [omixsada@gmail.com](mailto:omixsada@gmail.com). Non serán admitidos xustificantes de pagamento nos que non esté especificado o nome do participante e quenda.

O prazo establecido para realizar o pagamento da praza será do 7 ao 11 de xuño (inclusive). No recibo de pagamento deberá figurar o nome e apelidos do/a participante e a quenda/as solicitada/as.

Establecese un periodo extraordinario de pagamento para posibles incorporacións da listaxe de agarda en caso de renuncias ou vacantes sendo do 14 ao 18 de xuño (inclusive).

Artigo 9º. Funcionamento das Escolas de Verán.

- Participantes que soliciten o servizo de &#8220;Madrugadores&#8221;; accederán ás instalacións ás 08:30 h., sendo a saída ás 14.00 h.

- Participantes que non soliciten o servizo de &#8220;Madrugadores&#8221;; poden acceder ás instalacións entre as 08.45 e 09.00, sendo a saída ás 14:00 h.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

NOTA: A instalación do centro permanecerá pechada por seguridade unha vez que se sobrepase a hora de chegada estipulada.

Se por calquera motivo xustificable o/a participante necesitará facer a incorporación, ou a saída da actividade, fóra do horario establecido, deberá avisar previamente ao responsable da mesma, que será quen se encargará de levar a cabo dita labor da maneira menos perxudicial para o desenvolvemento das actividades programadas.

#### Artigo 10º.- Normas de comportamento

A organización da Escola, non permitirá ningún tipo de comportamento violento, tanto físico como verbal. Se algún dos participantes dificulta a dinámica no desenvolvemento das actividades en repetidas ocasións (previas advertencias aos seus pais/nais desta situación), pode ser susceptible de expulsión segundo acorde o equipo de educadores/as.

#### Artigo 10º.- Autorización de cesión de dereitos de imaxe e protección de datos de carácter personal

En aras a dar cumprimento ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e seguindo as Recomendacións e Instrucións emitidas pola Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), infórmase que: nas Escolas de Verán recolleranse experiencias e fotografías durante o desenvolvemento das actividades. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc&#8230;)

O Responsable do tratamento é o CONCELLO DE SADA, con domicilio en AVDA DA MARIÑA 25, 15160 SADA (A Coruña) e ten, como finalidade, o uso das imaxes para a difusión e publicidade das actividades realizadas na Escola de Verán. A base de lexitimación é o consentimento expreso prestado polos titores legais dos menores. O interesado terá dereito a retirar ou seu consentimento en calquera momento. Pode exercer en todo momento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, así como o seu dereito para solicitar a limitación do tratamento. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos como Autoridade de Control.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Para obter unha información máis exhaustiva achega do tratamento que o Concello realiza dos seus datos persoais, pode consultar a nosa política de privacidade a través da páxina web <http://sada.gal/politica-de-privacidade/>

### Artigo 11º.- Aceptación das bases

O feito de presentar a solicitude para as Escolas de Verán 2021, implica a aceptación de cada unha das normas de participación que aquí se describen.

Concellería de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación e Mocidade

Concello de Sada

Segundo: Ordenar a súa publicación na páxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.